



CARREIRA PROFESIONAL

A Xunta intenta resetear o acordo para non incluír a todo o persoal e non pagar o grao II

A Administración tráenos un acordo para “negociar” coma se fora algo novo e non existira unha orde de carreira anterior

A proposta de Función Pública constitúe unha fraude dirixida a evitar o cumprimento das sentenzas gañadas pola CIG e que supoñen que todas as persoas empregadas públicas, se cumpren os requisitos, deben ter dereito á carreira profesional.

Despois de que a Xunta perdesse todas as demandas que levamos adiante e de que tanto o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza como o Tribunal Supremo lle deixasen as cousas claras, nun exercicio de malabarismo quere facernos crer:

1. Que se “confundiran coa terminoloxía” e na vez de negociar daquelas un acordo para introducir unha “carreira administrativa”, fixeron un acordo sobre a carreira profesional, publicando varias veces a “confusión” no DOG. **Pretenden, a ver si cola, que o acordo que fixeron con CCOO e UGT non existe** e polo tanto non se derivan dereitos del.

2. **Que o grao II se inicia agora de novo, cando está contemplado no acordo anterior con datas concretas** e que non quixeron desenvolver cando non había nin sentenzas nin nada que llo impedira. E agora queren que os subgrupos C1, C2 e AP perdan 18 meses de grao II e os A1 e A2 6 meses, sinxelamente porque eles non quixeron convocar a orde de acceso ao grao II e CCOO e UGT escolleron non esixir o cumprimento do acordo para facer campaña contra a CIG.

3. Que como os tribunais recoñeceron a carreira profesional para o persoal laboral, e iso era unha “confusión”, esta nova “carreira administrativa”



e non profesional, mantén a **exclusión directa de todo o persoal laboral**.

4. Que temos que **consolidar algo que xa estaba consolidado** (o grao I extraordinario).

E que imos facer nós?

Dende logo **non imos aceptar alegar a un acordo de “carreira administrativa” cando o que teñen é que executar o acordo de carreira profesional**.

Non vale facer de avestruz e meter a cabeza no buraco negando a existencia dun acordo de carreira profesional no que os tribunais, como nas leiras, moveron os marcos, co que AMPLIARON os efectos..

O que imos facer é esixir que cumplan, **que paguen** o grao II con efectos retroactivos, e **que fagan a extensión** a todas as persoas empregadas públicas.

